



Teaching Guide

Identifying Data					2015/16
Subject (*)	Habilidades acuáticas e a súa didáctica	Code	620G01007		
Study programme	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	First	Obligatoria	6	
Language	SpanishEnglish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Educación Física e Deportiva				
Coordinador	Sanchez Molina, Jose Andres	E-mail	jose.andres.sanchez.molina@udc.es		
Lecturers	Sanchez Molina, Jose Andres	E-mail	jose.andres.sanchez.molina@udc.es		
Web	www.motorcontrolgroup.com/				
General description	<p>Módulo: Fundamentos dos deportes.</p> <p>Competencias do módulo:</p> <p>1. Identificar, e comprender os requisitos psico e sociomotores das habilidades de diversos deportes e actividades deportivas, coñecendo os elementos técnico-tácticos que os estruturan e executalos basicamente.</p> <p>2. Diseñar, desenvolver e avaliar procesos básicos de ensino-aprendizaxe de diversos deportes e actividades deportivas, con atención ás súas peculiaridades didácticas, tendo en consideración a diversidade: xénero, idade, discapacidade.</p> <p>Descriptor da materia:</p> <p>Coñecemento das habilidades deportivas básicas acuáticas como condutas psicomotrices e os seus contidos como recursos didácticos en educación física e iniciación. Fundamentos técnico/tácticos.</p> <p>Esta materia pretende ser a base para todo o desenvolvemento curricular relacionado coa motricidad no medio acuático; faise partcipe dunha formulación tradicional dos estudos de Educación Física, segundo o cal, trátase a adaptación do home ao medio que lle rodea, o que significa buscar unha mellor integración humana primeiro co seu propio corpo e despois co espazo e obxectos exteriores.</p> <p>No contexto referido, impártese un enfoque aberto baseado nunha formulación educativa das actividades acuáticas, por crer que brinda máis posibilidades para chegar cun maior éxito a calquera outro ámbito da actividade físico-deportiva no medio acuático; existe tamén preocupación por ofrecer unha metodoloxía e uns medios de intervención baseados tanto no cúmulo de coñecementos como de experiencias a desenvolver durante o curso académico.</p> <p>Ten vinculación directa coas seguintes materias:</p> <ul style="list-style-type: none">- Actividades acuáticas saudable e socorrismo (optativa)- Iniciación en deportes IV (natación) <p>A docencia realizarase en grupo mediano (20 alumnos) cun total de 3h/semana</p>				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A4	Coñecer e comprender as bases que aporta a educación física á formación das persoas.



A5	Fomentar a convivencia, estimulando e poñendo en valor a capacidade de constancia, esforzo e disciplina dos participantes nas actividades de educación física e deportiva.
A8	Deseñar, desenvolver, e avaliar os procesos de ensino ? aprendizaxe, relativos á actividade física e o deporte, con atención e titorización segundo as características individuais e contextuais das persoas (xénero, idade, discapacidade, culturas, etc.).
A11	Posuír o conxunto de habilidades ou competencias docentes que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe na aula de educación física.
A12	Avaliar e elaborar instrumentos de recollida de datos que atendan aos aprendizaxes do alumno, ao proceso de ensino en sí e á función del docente.
A18	Deseñar e aplicar métodos adecuados para o desenvolvemento e a avaliación técnico-científica das habilidades motrices básicas nas diferentes etapas evolutivas do ser humano, considerando o xénero.
A21	Deseñar, planificar e realizar actividades físicas e deportivas en lugares ou espazos que implican un risco intrínseco: no medio acuático, na neve ou outros do medio natural ou con animais.
A25	Identificar e comprender os requisitos psicomotores e sociomotores das habilidades deportivas, executando basicamente as habilidades motrices específicas dun conxunto de deportes, considerando as diferenzas por xénero.
A26	Identificar e aplicar as peculiaridades didácticas de cada especialidade deportiva na intención pedagóxica dos diferentes ámbitos de intervención.
A27	Aplicar os principios cinesiolóxicos, fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais nos contextos educativo, recreativo, da actividade física e saúde e do adestramento deportivo, recoñecendo as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres e a influencia da cultura de xénero nos hábitos de vida dos participantes.
A31	Realizar a análise funcional da conduta nos contextos deportivos, educativos ou de exercicio físico para a saúde, como paso previo á intervención psicolóxica.
A33	Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva no contexto educativo, deportivo, recreativo e da actividade física e saúde.
B1	Coñecer e posuír a metodoloxía e estratexia necesaria para a aprendizaxe nas ciencias da actividade física e do deporte.
B2	Resolver problemas de forma eficaz e eficiente no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersonal e traballo en equipo.
B5	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán.
B6	Dinamizar grupos nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B7	Xestionar a información.
B8	Desenvolver hábitos de excelencia e calidade nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B9	Comprender a literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte en lingua inglesa e en outras linguas de presenza significativa no ámbito científico.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
B12	Coñecer os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional e actuar de acordo con eles.
B15	Comprender e saber utilizar as importantes posibilidades que a educación física e o deporte teñen para xerar hábitos sociais e valores democráticos (coeducación de xéneros, respecto á diversidade social e cultural, cooperación, competición respectuosa, compromiso co contorno?).
B16	Dominar habilidades de comunicación verbal e non verbal necesarias no contexto da actividade física e o deporte.
B17	Promover e avaliar actividades de ampliación curricular, referentes á creación de hábitos autónomos de actividade física e deporte.
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
B20	Coñecer, reflexionar e adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo a partir das prácticas externas en algún dos principais ámbitos de integración laboral, en relación ás competencias adquiridas no grao que se verán reflectidas no traballo fin de grao.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Learning outcomes

Learning outcomes

Study programme
competences



Identificar os distintos ámbitos das actividades acuáticas, as súas relacións e paralelismos coa vida do home; comprendendo as diferenzas entre as distintas prácticas que engloba cada ámbito e valorando, especialmente, as posibilidades de desenvolvemento dunha educación física de base no medio acuático.	A4 A25	B7	C7
Recoñecer as posibles dificultades dun alumno durante a fase de adaptación ao medio acuático, sobre a base das diferenzas psicomotrices con respecto ao medio terrestre; entender a actitude necesaria e dispoñer das estratexias de intervención para facilitar o devandito proceso.	A4 A11 A31	B5	
Adquirir un coñecemento básico dos fenómenos físicos que interveñen sobre o home durante o desenvolvemento de calquera actividade acuática para unha mellor comprensión destas.	A27	B9 B15	
Comprender a evolución dos obxectivos xerais a establecer no proceso de adquisición das habilidades acuáticas e seleccionar posibles contidos motoras para logralos.	A11 A26 A27 A33	B1 B2	
Coñecer os procedementos metodolóxicos fundamentais para o ensino das habilidades acuáticas, discriminando os elementos que dificultan a consecución dun determinado obxectivo e establecendo os medios para alcanzalo.	A11 A12 A18	B1 B7	C1
Vivenciar numerosas variantes de traballo das distintas habilidades acuáticas, experimentar a evolución da dificultade de execución sobre a base dos elementos que as integran e practicar ata lograr o grao de competencia motora contemplado no apartado avaliación da práctica da actividade física que garanta a plena autonomía no medio acuático e a capacidade para iniciar a adquisición de habilidades específicas deportivas.	A5 A25	B4 B6 B11 B16 B20	
Definir e distinguir os elementos integrantes das variables de traballo, en función da habilidade acuática, permitindo, dun modo xustificativo, xerar tarefas nas distintas fases da evolución dun suxeito en relación co medio acuático para a consecución dun obxectivo concreto dun determinado nivel de ensino.	A8	B1 B2 B16 B20	
Analizar os métodos para o ensino das habilidades acuáticas e as súas posibilidades de aplicación atendendo ás distintas variables que poden incidir nun programa de ensino acuático.	A11		C6
Aplicar as técnicas de ensino e reflexionar sobre a conveniencia de adaptar a información á idade do alumno e sobre como e cando dar o coñecemento dos resultados nunha actividade acuática.		B20	
Avaliar os estilos de ensino con maior posibilidade de aplicación no ensino das habilidades acuáticas e xustificar o seu emprego en actividades concretas.	A11		C6
Coñecer as funcións e responsabilidades dos distintos membros que integran unha Escola de Actividades Acuáticas, entender cales son as de maior importancia e analizar as posibles consecuencias da súa renuncia.		B12	
Familiarizarse cos elementos necesarios para a organización e desenvolvemento dun programa completo nunha escola de actividades acuáticas que contemple a existencia de diferentes niveis	A8 A21	B11 B15 B17	
Elaborar sesións de posible aplicación nunha escola de actividades acuáticas atendendo a criterios establecidos de organización e intervención e discutir sobre o seu deseño e posta en práctica.	A8 A11 A12	B20	
Analizar, criticar e discutir a intervención propia e allea no proceso de ensino e formular alternativas ante problemas suscitados.	A26	B5 B6 B8 B16 B17 B19 B20	C7
Recoñecer as condicións de seguridade necesarias nas distintas situacións que se poden xerar nos diferentes ámbitos das actividades acuáticas.		B5 B12	

Contents	
Topic	Sub-topic



Bloque temático 1. As habilidades básicas acuáticas	<p>Tema 1. Ámbitos das actividades acuáticas</p> <ol style="list-style-type: none">1. Concepto de actividade acuática2. Ámbito ensino3. Ámbito rendemento deportivo4. Ámbito saúde5. Ámbito recreación e turismo
Bloque temático 1. As habilidades básicas acuáticas	<p>Tema 2. Adaptación ao medio acuático: familiarización</p> <ol style="list-style-type: none">1. Concepto2. Diferenzas psicomotrices entre medio acuático e terrestre3. Análise dos factores que inflúen na familiarización <p>Contidos prácticos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Formulación metodolóxica da familiarización
Bloque temático 1. As habilidades básicas acuáticas	<p>Tema 3: Respiración acuática</p> <ol style="list-style-type: none">1. Concepto2. Influencia e importancia no ensino da natación3. Inmersión e apnea4. Descrición da técnica respiratoria5. Formulación metodolóxica da respiración <p>Contido prácticos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Técnica respiratoria2. Xogos respiratorios
Bloque temático 1. As habilidades básicas acuáticas	<p>Tema 4: Flotación: equilibrios e desprazamentos</p> <ol style="list-style-type: none">1. Concepto2. Fundamentación física3. O equilibrio do corpo na auga4. Evolución dos obxectivos5. Variacións debidas á idade e ao sexo6. Formulación metodolóxica da flotación7. Clasificación das flotacións: variables de traballo8. Test de flotación e relación coa respiración <p>Contidos prácticos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Formulación metodolóxica da flotación2. Método para a xeración de tarefas, segundo a combinación de variables de traballo, aplicable a calquera habilidade3. Tarefas motoras derivadas da combinación de variables de traballo das flotacións4. Test de flotación5. Formas xogadas



<p>Bloque temático 1. As habilidades básicas acuáticas</p>	<p>Tema 5. Propulsión: desprazamentos e equilibrios</p> <ol style="list-style-type: none">1. Concepto2. Forzas propulsoras actuantes: análise básica3. Formulacións metodolóxicas da propulsión4. Evolución dos patróns motores acuáticos5. Clasificación das propulsións: variables de traballo6. Aspectos comúns nas habilidades específicas propulsivas <p>Contidos prácticos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Formulación metodolóxica da propulsión2. Tarefas motoras derivadas da combinación das variables de traballo das propulsións.3. Formas xogadas.
<p>Bloque temático 1. As habilidades básicas acuáticas</p>	<p>Tema 6. Viraxes elementais: xiros e desprazamentos</p> <ol style="list-style-type: none">1. O contexto da viraxe no ensino da natación2. A viraxe elemental no nado ventral: fases <p>Contidos prácticos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Formulación metodolóxica da viraxe elemental
<p>Bloque temático 1. As habilidades básicas acuáticas</p>	<p>Tema 7. Mergullos: saltos e xiros</p> <ol style="list-style-type: none">1. Consideracións previas2. Progresión metodolóxica: mergullo elemental3. Progresión metodolóxica: mergullos de cabeza4. O material5. Clasificación dos mergullos: variables de traballo6. Medidas de seguridade <p>Contidos prácticos</p> <ol style="list-style-type: none">1. Formulación metodolóxica dos mergullos elementais e de cabeza2. Tarefas motoras derivadas da combinación das variables de traballo dos mergullos3. Formas xogadas
<p>Bloque temático 2. Aspectos metodolóxico-didácticos para o ensino das habilidades acuáticas</p>	<p>Tema 8. Implementación do ensino das habilidades acuáticas</p> <ol style="list-style-type: none">1. Métodos para o ensino das habilidades acuáticas2. Tipos de estratexia práctica usadas na aprendizaxe das h.a.3. Evolución do método no ensino das habilidades acuáticas4. Exemplos de aplicación de distintos métodos de ensino



Bloque temático 2. Aspectos metodolóxico-didácticos para o ensino das habilidades acuáticas	<p>Tema 9. Variables materiais que inciden nun programa para o ensino das habilidades acuáticas en piscinas</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Tipos de vaso 2. Organización da lámina de auga segundo as características do vaso 3. Temperatura da auga 4. Bancadas 5. Vestiarios 6. Praia da piscina 7. Accesos 8. Material auxiliar
Bloque temático 2. Aspectos metodolóxico-didácticos para o ensino das habilidades acuáticas	<p>Tema 10. Variables humanas que inciden nun programa para o ensino das habilidades acuáticas en piscinas</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Aspectos comúns aos estilos de ensino 2. Estilos de ensino aplicables en natación, exemplos prácticos
Bloque temático 3. Medios para a aprendizaxe das habilidades acuáticas	<p>Tema 11. Estrutura organizativa de para o ensino das habilidades acuáticas: a escola de actividades acuáticas</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Obxectivos a cumprir por unha escola de actividades acuáticas 2. Organización 3. Intervención 4. Relación con outros organismos de xestión deportiva <p>Contidos prácticos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Prácticas nunha Escola de Actividades Acuáticas 2. Elaboración de sesións e programación de actividades no ámbito dunha escola de actividades acuáticas.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	A4 C6 C7	1	0.25	1.25
Student portfolio	B1 B4 B7	0	4	4
Guest lecture / keynote speech	A4 A26 A31 B12	25	30	55
Supervised projects	A8 A11 A12 A18 B2 B5 B6 B7 B8 B11 B19 B20	0	25.55	25.55
Physical exercise	A5 A11 A21 A25 A27 A33 B1 B2 B4 B11 B17	21	10.7	31.7
Oral presentation	B7 B9 B16 C1	1	2.5	3.5
Workbook	A27 B1 B7 B9 B15 C7	0	9	9
Mixed objective/subjective test	A11 A18 A21 A25 A26 A27 A33 B1 B2 B7 B9 C1	2	14	16
Online forum	B7 B16 C1 C6	0	2	2
Personalized attention		2	0	2

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.



Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	<p>O primeiro día de clase realizarase unha completa explicación dos aspectos tratados na guía docente co fin de que os alumnos coñezan as competencias que se pretende que adquiran.</p> <p>De igual forma, previo á realización de calquera dos traballos e actividades propostos, achegarase a información necesaria e procederase á organización dos alumnos para o seu óptimo desenvolvemento.</p>
Student portfolio	<p>Recoméndase a súa realización, pero non é computable na avaliación.</p> <p>Establécense as seguintes recomendacións para a súa elaboración.</p> <p>Empregar un arquivador (tipo A-Z) ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que conteña os materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno ao longo do curso académico, o que permitirá acceder rapidamente a calquera apartado.</p> <p>Aconséllase que as follas do portafolios non se introduzan en fundas de plástico, permitindo revisar os documentos sen ter que extraelas da carpeta.</p> <p>O portafolios debería de conter:</p> <ul style="list-style-type: none">- índice;- guía docente e folia sobre as competencias da materia;- apuntamentos e esquemas propios;- apuntamentos achegados polo profesor e anotacións;- apuntamentos elaborados e esquemas achegados por outros alumnos;- notas de clase;- guías para a realización de traballos e o seu desenvolvemento;- artigos técnicos ou científicos achegados polo profesor ou buscados polo alumno;- comentarios, análise e/ou resumos das lecturas solicitadas e dos documentos revisados polo alumno;- probas escritas: respostas a preguntas realizadas en clase polo profesor;- memoria de prácticas (apuntamentos manuscritos sobre as actividades desenvolvidas en clase);- dedicación horaria a cada unha das actividades realizadas ao longo do curso;- anotacións sobre as achegas realizadas sobre a materias por outros compañeiros;- preguntas formuladas e contestadas para incorporar á base de datos;- comentarios e valoración do traballo do profesor e do alumno;- suxestións sobre os contidos e o desenvolvemento da materia.
Guest lecture / keynote speech	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, ademais de actividades de solución de problemas ou o traballo en pequenos grupos, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p>



Supervised projects	<p>Traballos deseñados para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e nun escenario profesional. Está referido prioritariamente á aprendizaxe de &quot;como facer as cousas&quot;</p> <p>1) O traballo consiste na realización de prácticas, nunha escola de actividades acuáticas ou dun club de natación; constará dos seguintes apartados:</p> <p>a) Realización de prácticas sobre ensino das habilidades acuáticas con nenos entre 5 e 14 anos (desempeñando funcións de observador, axudante e profesor, segundo a fase do proceso): as prácticas realizaranse nunha escola de actividades acuáticas, de natación ou de wáter-polo durante un mínimo de 7 sesións e un máximo de 15:</p> <ul style="list-style-type: none">- Os labores a desempeñar durante eses días terán un carácter progresivo de intervención, comezando como meros observadores para logo desempeñar funcións de axuda no grupo asignado da escola, para por último converterse no profesor, aínda que sempre baixo a supervisión do responsable directo do grupo e con tutorización obrigatoria.- Con estas prácticas inténtase simular unha situación real onde se implique o alumno, o cal podemos considerar como unha boa preparación xa que nela non só ha de responder tecnicamente posto que tamén se involucra psicolóxica e emocionalmente no proceso de ensino-aprendizaxe.- O grupo de persoas, con que se desenvolva esta actividade de prácticas, e o seu nivel será acorde cos obxectivos e contidos da materia na que se ache integrada.- Intentarase facilitar a realización das prácticas tanto nas instalacións do Facultade como en piscinas próximas do Concello de Oleiros, pero no caso de que se interrompesen ou cesasen as actividades nelas se xestionará a posibilidade da realización das prácticas noutras instalacións que resulten de interese atendendo ás características e obxectivos das súas actividades, os seus horarios e a súa localización, facilitando na medida do posible as condicións de asistencia aos nosos alumnos. <p>b) Memoria das prácticas referidas no apartado anterior sobre os aspectos máis representativos desta, aos que se achegarán impresións e a crítica fundamentada do observador.</p> <p>2) Traballo baseado nas prácticas realizadas en horario lectivo</p> <ul style="list-style-type: none">- Realizarase individual ou en pequeno grupo (máximo tres persoas); se ben, o traballo de grupo deberá reflectir un esforzo proporcional ao número de persoas que nel interveñan.- Deseño de carácter libre e con tutorización obrigatoria polo profesor.- O traballo non debe integrar soamente os contidos das sesións prácticas; é dicir, debería de tratar de integrar os contidos teóricos desenvolvidos na materia, sendo ampliado coa documentación proposta na bibliografía; afondar nas progresións metodolóxicas formuladas, achegando máis posibilidades extraídas de fontes documentais ou ben de elaboración propia; expoñer obxectivos, aplicación, sensacións que achegan as propias tarefas propostas. A estrutura do traballo pode ser elixida polo propio alumno e incorporarlle cantos apartados considere oportunos.- Debe ter un claro compoñente de aplicación e sería idóneo empregalo para a consecución dos requirimentos formulados no apartado avaliación práctica da actividade física.- Calquera dúbida sobre o traballo será resolta en horario de titoría xa sexa dunha forma individual ou conxunta. <p>Nota: de non se realizar estes traballos, ben sexa por razóns propias ou alleas ao alumno, a súa porcentaxe da nota total pasará a sumarse á do exame teórico.</p>
---------------------	---



Physical exercise	<p>Asistencia, execución e análises das prácticas programadas, cuxa constancia de realización deberá efectuarse, de forma escrita (portafolios do alumno).</p> <p>Dado que a aprendizaxe de habilidades básicas axuda ao desenvolvemento de actividades máis complexas, establecerase unha xerarquía no proceso de aprendizaxe, de modo que cando sexa preciso se comezará a actividade coa observación de alguén que realice a experiencia ou no seu defecto coa presentación dunha referencia estándar para determinar os pasos máis básicos a realizar, posteriormente se definirán estes nunha secuencia lóxica de forma que un sirva de fundamento para o seguinte. En xeral a secuencia de intervención será como segue:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificar os obxectivos psicomotores ou sociomotores e os coñecementos que se han de posuír para conseguilos. - Presentar os diferentes pasos a desenvolver - Realizar unha demostración e repetila canto se precise, ata que os alumnos sexan capaces de ter unha imaxe mental xeral do que se solicita para que poidan iniciar a súa práctica. - Sinalar os erros máis comúns. - Facilitar a práctica dos alumnos, ata que sexan capaces de realizala con certo grao de competencia. - A avaliación da práctica da actividade física a través dos tests indicados no apartado avaliación, pretende que o alumno sexa consciente do seu nivel de execución, que aplique sobre o grupo de traballo e sobre si mesmo os coñecementos que vai adquirindo na materia, que valore a constancia e o esforzo para lograr as metas e adquira, se é posible, o interese pola práctica acuática. <p>Notas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - En función das circunstancias, incidirase ou non en determinados contidos. Por suposto, o carácter secuencial poderá segmentarse na medida que sexa necesario para facilitar ou perfeccionar a aprendizaxe. - Para as prácticas en piscina é obrigatorio o uso de bañador de competición ou similar (non se permitirá o emprego de pantalóns deportivos, nin o uso de roupa interior), gorro (ter ademais outro gorro de reposto) e calzado de piscina; é posible e mesmo recomendable empregar neopreno de baixa densidade ou top térmico de 1 mm.
Oral presentation	Exposición do resumo realizado dunha lectura ou dos aspectos máis destacables de calquera dos traballos tutelados.
Workbook	Poñeranse a disposición dos alumnos, a través da plataforma de teleensino, unha serie de documentos escritos co fin de aprofundar nos contidos traballados e, tamén, discutir sobre eles. Tamén se propoñerán os títulos de obras relacionadas co ámbito das actividades acuáticas para o estudo, comprensión e argumentación de aspectos desenvolvidos na materia.
Mixed objective/subjective test	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe que pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Online forum	<p>Espazo de discusión informal destinado aos estudantes para o tratamento dun tema ou problema, que se desenvolve a través dun ámbito virtual de aprendizaxe mediante ferramentas de comunicación asíncrona (foro). Serve para expresar as súas opinións sobre calquera aspecto que crean interesante.</p> <p>Os temas fundamentais a desenvolver estarán relacionados con:</p> <ul style="list-style-type: none"> - prácticas de clase - prácticas en escola de actividades acuáticas - lecturas propostas polo profesor ou os alumnos - cuestións ou elementos sobre os que aprofundar tratados durante as sesións <p>O profesor introduce o tema explicando o procedemento a seguir e os estudantes interveñen con comentarios sobre o tema, cuestións, novas formulacións, etc.</p>

Personalized attention

Methodologies	Description
---------------	-------------



Supervised projects	<ul style="list-style-type: none">- Para a realización de cada un dos traballos titorizados formularanse reunións de grupo para explicar con detalle o procedemento a seguir para a súa realización.- Durante a realización do traballo de prácticas en escolas de actividades acuáticas deberase de realizar unha titoría (persoal ou a través da plataforma virtual), ademais da posibilidade da participación no foro.- Durante unha titoría poderanse formular suxestións para a realización do traballo de prácticas de clase.- Previa á realización do exame práctico formúlase unha titoría práctica de carácter obrigatorio.- Os alumnos poderán solicitar que as titorías sexan de carácter práctico, se ben estas deberían ser polo menos en grupo reducido.
---------------------	--

Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
---------------	--------------	-------------	---------------



Supervised projects	A8 A11 A12 A18 B2 B5 B6 B7 B8 B11 B19 B20	<p>Calquera traballo presentado que non sexa orixinal, perderá a puntuación correspondente.</p> <p>Calquera traballo con apartados copiados, perderá a puntuación correspondente, ao igual que o traballo do alumno que permita a copia.</p> <p>Propóñense dous traballos ao longo do curso de carácter voluntario:</p> <p>1. Traballo de prácticas nunha escola de actividades acuáticas (15%):</p> <ul style="list-style-type: none">- É obrigatorio axustarse ao formato establecido para que a memoria sexa avaliada.- É obrigatoria, como mínimo, a entrega do traballo en formato dixital.- Non realizar as prácticas ou non entregar a memoria de prácticas unha vez que o alumno se comprometeu, mediante documento asinado, á realización deste traballo implicará a perda do 15% da nota final da materia.- En caso de ser maior a demanda dos alumnos para realizar esta actividade que a oferta de prazas determinarase os alumnos participantes en función da puntuación obtida no apartado lecturas ata a data da oferta.- Basearase na realización de prácticas nunha escola de actividades acuáticas, de natación ou de wáter-polo durante un mínimo de 7 sesións e un máximo de 15, tras o cal se presentará unha memoria sobre os aspectos máis representativos desta, aos que se achegarán impresións e a crítica fundamentada do observador.- Os labores a desempeñar durante eses días terán un carácter progresivo de intervención, comezando como meros observadores para logo desempeñar funcións de axuda no grupo asignado da escola, para por último converterse no profesor, aínda que sempre baixo a supervisión do responsable directo do grupo e con tutorización obrigatoria.- Con estas prácticas inténtase simular unha situación real onde se implique o alumno, o cal podemos considerar como unha boa preparación xa que nela non só ha de responder tecnicamente posto que tamén se involucra psicolóxica e emocionalmente no proceso de ensino-aprendizaxe.- O grupo de persoas, con que se desenvolva esta actividade de prácticas, e o seu nivel será acorde cos obxectivos e contidos da materia na que se ache integrada.- Intentarase facilitar a realización das prácticas tanto nas instalacións do Facultade como en piscinas próximas do Concello de Oleiros, pero no caso de que se interrompesen ou cesasen as actividades nelas se xestionará a posibilidade da realización das prácticas noutras instalacións que resulten de interese atendendo ás características e obxectivos das súas actividades, os seus horarios e a súa localización, facilitando na medida do posible as condicións de asistencia aos nosos alumnos.- Para que a memoria sexa avaliada atender ás normas específicas contempladas na materia presentada no campus virtual da UDC (plataforma Moodle). <p>- Data de entrega: 10 días naturais despois de finalizada a última práctica na escola.</p> <p>2. Traballo sobre as prácticas físicas (15%)</p> <ul style="list-style-type: none">- Será obrigatoria a participación en polo menos o 70% das clases teórico-prácticas, as cales poderán desenvolverse tanto na piscina coma na aula, para a presentación
---------------------	---	--



do traballo de prácticas.

- Data de entrega: aconséllase entregar unha semana despois da conclusión da última clase práctica; non se recollerá ningún traballo durante as dúas semanas previas á firma de actas.
- Para que o traballo sexa avaliado debe atender ás normas xerais de presentación consideradas na materia integrada no campus virtual da UDC (plataforma Moodle).
- Entregar en formato dixital, se ben se poderá solicitar calquera documento manuscrito utilizado durante o desenvolvemento das prácticas.



